

O Prometeo dixital

Ensaio Tres libros imprescindíbeis para apagarmos os mitos de progreso e cambio verbo da tecnoloxía

Na tecnoloxía tamén (ou sobre todo) hai discursos hexemónicos. Estes discursos van sempre da man do "progreso" ou do "cambio", sustentándose nunha certa falta de control e resaltando a nula posibilidade para evitalos. Queremos invitar o lector a frear os bois, a deterse e achegarse aos discursos máis críticos coa sociedade da información, coa revolución tecnolóxica e (sobre todo) coas súas consecuencias para a cidadanía.

Unha primeira proposta parte de Almirón e Jarque, actuando como unha emenda á totalidade aos discursos hexemónicos ante a tecnoloxía. Esta obra supón unha excelente proposta, de corte académico, para contextualizar e contrastar outros enfoques ou visións que teñen unha maior visibilidade. Segundo os autores, o discurso dixitalista convértese en mito e impregna todos os eidos do social. O mito de Prometeo (que lles rouba o lume aos deuses para entregá-llelo aos homes) serve como punto de partida para a interpretación do mito dixital. Así, a entrega deste lume (desta tecnoloxía) aos homes implica dotalos daquel instrumento que lles permitirá tamén liberarse do seu destino: non é esta unha promesa constante da sociedade da información ou das tecnoloxías?

Entender como xorde esta visión de carácter mítico e como, pouco a pouco, se imbrica e se impón como "pensamento único" é o obxectivo desta obra. Para isto, é preciso identificar e comprender cada un dos actores: os narradores do mito, o papel da investigación académica (e, por extensión, da universidade) así como do xornalismo, tres temas abordados neste ensaio.

Tras esta aproximación máis xenérica é preciso achegarnos a temáticas máis concretas. Sádaba e Gordo coordinan un volume que recolle

este espírito nunha obra colectiva que logra superar os principais problemas deste tipo de libros: a falta de interese dos autores, a irrelevancia das temáticas e a carencia da innovación nas propostas. Partindo da anulación da "asepsia e neutralidade" da tecnoloxía, téntase comprender o impacto do técnico no social e no político. Na tecnoloxía existe un ámbito político que é preciso visibilizar.

Os principais *hot topics* do tecnolóxico trátanse nesta obra pero cun elemento de marcada diferenciación: esta "perspectiva crítica" que deixa de lado a mitoloxía da tecnoloxía e do determinismo tecnolóxico. Así, os autores analizan os principais exemplos que amosan como o técnico se redefine de xeito permanente dende os ámbitos local e colectivo. Os muños e mais o seu equivalente actual: as páxinas de contactos persoais como referentes de relacións tecnosexuais (cibersexo); a web 2.0 como paradigma de construción mediática dun concepto cargado de intención; o automóbil; o impacto das tecnoloxías nos movementos sociais ou a ciberpolítica son algúns dos temas abordados.

Unha das "renuncias" ou perdas que, como sociedade, estamos permitindo é a nosa intimidade. Cedemos en prol do control por todo tipo de "autoridades". Seguro que coñeces a parábola da ra: cando chimpa en auga fervendo rapidamente salta fóra desa charca. Porén, se esta ra cae nunha auga que incrementa a súa temperatura de forma moi paseniña, acabará morrendo cocida sen decatarse. Os cambios leves son menos perceptíbeis, aínda que sexan constantes no tempo. Isto é o que sucede co "control" e coa "vixilancia". Apoiándose en situacións excepcionais (como foron os atentados do 11 de setembro ou do 11 de marzo) implementáronse

El mito digital
Núria Almirón, Josep
Manuel Jarque ·
Anthropos, 2008 ·
175 páx · 9,5 euros



**Cultura digital
y movimientos
sociales**
Igor Sádaba, Ángel
Gordo (coords.) ·
Catarata, 2008 ·
318 páx · 18 euros



Un mundo vigilado
Armand Mattelart ·
Paidós, 2009 ·
279 páx · 24 euros



medidas de control que, cando as situacións que os lexitimaron desaparecen, non foron revocadas.

Armand Mattelart, un analista cunha recoñecida traxectoria no eido da comunicación ou da análise do cambio social, realiza unha caste de xenealoxía da vixilancia e do control. Unha análise imprescindible para decatarnos de que realmente a nosa charca está moi quente, para decatarnos da cantidade de dereitos e presuncións que perdemos en moi pouco tempo. Entender cales son os mecanismos empregados polo poder para introducir, xustificar e (até) lexitimar perdas na liberdade dos cidadáns é o *leitmotiv* desta obra.

Tres libros imprescindíbeis no momento actual, tanto polo contexto máis local, como polo global. Visibilizar un discurso crítico é, hoxe e sempre, unha tarefa necesaria como cidadáns e como sociedade. // **Fernando Garrido**